

Laurentia e a invasión dos icebergs xigantes

A inestabilidade climática imperante durante o Último Período Glacial provocaba a masiva expansión de icebergs polo Atlántico Norte que, tamén, acadaban a costa de Galicia. Non houbo unha única vez. Os rexistros sedimentarios permiten identificar até seis episodios durante os últimos 70.000 anos. Son os denominados Eventos de Heinrich.



Comprender estes procesos no pasado pode axudarnos a predecir o impacto do derretemento do xeo provocado polo aquecemento global actual.

Maidier Plaza-Morlote

É investigadora posdoutoral Xunta de Galicia na Universidade de Vigo. A súa investigación céntrase na análise cuantitativa das interaccións entre o océano e o clima no pasado (Paleoceanografía/Paleoclimatoloxía). Mediante o estudo de testemuños sedimentarios de augas profundas e o uso de ferramentas xeoquímicas, micropaleontolóxicas e estatísticas traballa para comprender os cambios paleoclimáticos do sistema terrestre e a súa potencial resposta a tensións futuras.

Eva Agra, 7H Cooperativa Cultural

Estudou Fotografía na EASD Mestre Mateo e Ilustración na EASD Antonio Faílde. Dende 2015 traballa en 7H Cooperativa Cultural, unha entidade sen ánimo de lucro dedicada á xestión e creación de proxectos culturais que aposta pola participación comunitaria na educación artística e na creación contemporánea como ferramenta a prol da igualdade e a inclusión social. Entre os seus traballos de ilustración destaca a colección de libros *Mulleres Bravas da Nosa Historia*, de Urco Editora.